

Industrias paleolíticas do Baixo Miño

(Concellos da Guarda,
O Rosal, Tomiño e Oia)

Orixinal en galego: "Industrias paleolíticas do Baixo Miño (concellos da Guarda, O Rosal, Tomiño e Oia)". Trabalhos de Antropologia e Etnologia. Vol XIV Fasc. 3-4, 1953-54, pp. 5-65.

Fermín Bouza Brey
Xosé María Álvarez Blázquez

PRECEDENTES

O presente traballo pretende levar noticia ás terras irmáns de Portugal, en verba galega, das descubertas máis recentes, na orela dereita do río Miño, cuxas augas reparten o seu límpido caudal entre aquela nación e a nosa Galiza, das antiquísimas industrias prehistóricas sinaladas dende hai tempo por investigadores ilustres dunha e doutra banda como un vencello máis do espírito de ambos pobos.

Nun noso estudo sobre o paleolítico de Tui¹ ao falar dos achados de útiles paleolíticos rexistrados deica aquela data na Galiza, referíámonos a unha peza recollida por Javier Sánchez Cantón en Goián o 30 de Agosto de 1947, que nos foi entregada, e faciamos propósito de estudala; máis novos achados referendando aquel fixéronos trocar de pensamento.

En efecto, prospeccións levadas a cabo por intelixentes amigos coñecedores daquelas fermosas terras, todo ao longo de orela dereita do río Miño nunha área dos catro concellos da Guarda, O Rosal, Tomiño e Oia ofreceron un conxunto de seiscentos noventa e seis ins-

(1) JOSÉ M. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ e F. BOUZA-BREY, "Industrias paleolíticas de la comarca de Tuy", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Fasc. XII, pp. 201-250, Santiago, 1949.

trumentos líticos algúns deles de belida factura. Ao culto Mestre de Ensino primario don Pedro Díaz Álvarez, ao seu sobriño don Silvino Díaz Paz, a don Eliseo Alonso Rodríguez, notable poeta, e a don Antonio Fernández, artista exquisito, debemos gratitude polas súas pescudas teimosas e polos seus afáns culturais.

EMPRAZAMENTO XEOGRÁFICO E XEOLÓXICO DOS ACHADOS

As novas estacións paleolíticas rexistradas no presente estudo esténdense por unha longa zona que vai dende a parroquia de Salcidos, no concello da Guarda, no extremo occidental, ata a freguesía de Sobrada, do concello de Tomiño, na banda oriental; e dende Loureza, concello de Oia, ao Norte, ata Eiras, concello de O Rosal, ao Sur.

O chan forma parte do amplo e vizoso val terminal do Miño, que aquí presenta un aspecto de beleza suma pola súa vexetación, fertilidade e pintoresquismo na paisaxe, dando fronte aos brancos e ledos casaríos da veira portuguesa. De fronte a Eiras e Goián, as localidades máis pródigas en achados, xorden, no medio do río, as sorprendentes illas dos Amores, Ariños e Boega. O Miño recibe aquí as augas de tres ou catro pequenos tributarios nados nas cristas dos montes sobranceiros que separan o seu val da ría de Vigo, sendo ante eles o máis importante o río Tamuxe. Dende a ermida da Madenela, en Eiras, asentada nunha atalaia castrexa, a paisaxe é impresionante: ábrese de cara ao poñente a barra do Miño con toda a inmensidade oceánica detrás e os lombos vixiantes do monte de Santa Trega gardando o paso; ao nacente, unha veiga vizosa e apertada na que é fácil adiviñar, baixo a mesta vexetación, os “lombos de asno” de varias terrazas fluviais subindo en escadouro para a montaña; e, en fin, ollando ao mar, en fileira na ribeira lisa, os poboados asomando os campanarios por riba das augas.

En frase de Otero Pedraio, estamos diante de “*un dos máis solemnes e saudosos paisaxes da Europa Atlántica*”²

O terreo descende mainamente polas tres terrazas fluviais que xa temos rexistrado en Tui, como formando parte dos mesmos sistemas alu-

(2) RAMÓN OTERO PEDRAYO, *Síntesis Xeográfica de Galiza*, p. 29. Santiago, 1926.

viais e cuxas altitudes son sensiblemente equivalentes as daquelas, pese á maior proximidade do mar. H. Lautensach³ citado por Zbyszewski⁴ ten determinado a correspondencia entre as terrazas fluviais do Miño, na altura de Tui e Valença e as do Lima, coas praias antigas do litoral atlántico. Segundo el, as terrazas medias do curso da auga débéranse corresponder cas baixas terrazas litorais, datando estas do último interglaciar, e existindo aínda outro nivel máis elevado (e máis antigo, por tanto) que acada de 40 a 60 m. Finalmente, Lautensach observou en Valença do Minho unha baixa terraza de 5 m. que cualificou de post-glaciar.

Estudando Zbyszewski⁵ os movementos cuaternarios que teñen modificado a disposición das praias e terrazas, a causa de certos fenómenos sísmicos, di:

“No Norte H. Lautensach ten sinalado a existencia dunha deformación das altas e medias terrazas do Miño e do Lima. A baixa terraza (para nós grimaldiense) ficaría exenta desta deformación. Trátase da formación de alombamentos en “lombo de asno” anteriores ao Grimaldiense e correspondentes á produción de accidentes en relación co aliñamento da chamada “culminación principal ibérica de Staub”.

Aceptando provisionalmente a clasificación das tres únicas terrazas que van rexistradas no Baixo Miño, e sen entrar a consignar as investigacións realizadas en Portugal que xa temos exposto no traballo en que estudamos o paleolítico tudense, daremos algúns datos referentes ás observacións levadas a cabo na Galicia nestes últimos anos, xa por nós mesmos no terreo en que asentan as estacións aquí estudadas, xa por xeólogos no curso inferior do río Miño.

A primeira terraza atópase no seu punto máximo no lugar de Seixo (Tomiño), ao que dá nome a característica presenza de “seixos” ou “cantos rodados”, do latín “saxu”, chamados tamén “callaos” e “coios”, voces breves e expresivas con que se diseña en Galicia o

(3) H. LAUTENSACH, “Portugal auf grund eisgener Reisen und der Lilteratur”, vols. I-II, *Petermans M. Ergzb XLVI*, etc. 1932.

(4) GEORGES ZBYSZEWSKI, “La classification du Paléolithique anciens et la chronologie Quaternaire de Portugal en 1942”, en *Boletín da Sociedade Geologica de Portugal*, vol II, fasc. II e III, páx. 26, Porto, 1943.

(5) G. ZBYSZEWSKI, *op. cit.*, pp. 92 e sgts.

núcleo mineral primitivo. Este lugar de Seixo tópase a 50 m. sobre do nivel do mar, que tanto vale como dicir do río, porque ata sofre aquí, con moita máis intensidade que en Tui, o fluxo e refluxo das augas do Océano. Nalgúns puntos, v. gr. en Carregal, tópase esta terraza visiblemente afectada polos típicos alombamentos en “lombo de asno”, das terrazas superiores, constituíndo outeiros ou cotos de acusado releve.

A segunda terraza, tamén polo xeral con acusados sinais de alombamentos, érguese nos 12-20 m. sobre do río, sendo aquela na que está asentada a vila de Goián.

A terceira terraza sae dos 5-7 m. de altura máxima e descende ata o río, mergullándose no leito actual (As Bouzas, Eiras).

Os longos pedregais de cuarcita alternan en toda a comarca con abondosos xacementos arxilosos, ás veces en forma de grandes bolsas e outras veces mesturándose os sedimentos dos dous minerais. A arxila presenta o aspecto vermello que caracteriza a presenza do ferro; a maior parte dos pedregullos rodados sufriron a acción do tinguido en contacto coa arxila que nos instrumentos tallados ofrece moitas veces unha lene pátina lustrosa. Hai tamén con certa abundancia curiosas concrecións férricas que son chamadas pola terra “pedras de estoirar” a causa de que, debido ás numerosas bolsas de aire que conteñen, estralan ao seren sometidas á acción do lume. E, en fin, non é infrecuente a aparición de “loess”, pardo-amarelo ou agrisado, cuxa existencia tamén temos comprobado en Tui, coetáneo, sen dúbida, do interglaciar Tyrreniense e da glaciación Rissienne, sendo doado percibir nalgúns casos a acción do tinguido en certos útiles que permaneceron en contacto con el.

De todas sortes, temos de consignar que as formacións aluviais, tanto nesta comarca como na de Tui, e en xeral, ao longo do curso do Miño, adoitan ofrecer patentes anomalías, tanto na continuidade das terrazas, con frecuentes e amplas solucións, como nas súas respectivas altitudes, polo que coidamos oportuno traer aquí estes parágrafos dun notable traballo de C. Vidal Boix⁶, sobre tan interesante cuestión:

(6) C. VIDAL BOIX, “Contribución al conocimiento morfológico de las cuencas de los ríos Sil y Miño”, en *Boletín de la Soc. Española de Historia Natural*, t. XXXIX, pp. 121 e segts., 1941.

“Na marxe esquerda do Miño encóntranse tamén representadas as terrazas fluviais, singularmente no depósito de 25-30 m. de altura que agora no longo da estrada que desde a ponte sobre o río sobe en curva deica a cidade de Ourense, servindo de base aos edificios da poboación cuxas prazas e rúas principais servíronse da articulación que a presenza das terrazas lle imprime á ladeira montuosa do val.

Augas abaixo de Ourense o río descende dende os 110 m. de altitude a que corre pola dita poboación, en suave costa entre abas montesías que, lonxe de facer doce o seu perfil, seguen chegando á bocarribera en pendentes taludes boscosos que alternan con ancheamentos, asento dunha das máis ricas e poboadas terras galegas.

Logo os meandros do Miño levan á comarca de Ribadavia unha das máis poboadas e de meirande personalidade e característica xeográfica.

Con este segmento fluvial, tan animado na súa paisaxe, nos seus cultivos, na súa xeografía humana, comeza un tramo, o derradeiro, no que predomina como principal trazo morfotectónico a inestabilidade dos bloques corticais, cuxos movementos seguiron deica unha época xeolóxica moi recente.

E. Scheu, primeiro, (1913)⁷ e H. Lautensach despois (1932), fixeron estudo do terrazamento do Miño na súa rexión final comprendida entre Ourense e a foz. Especialmente o segundo investigador nos estudos realizados singularmente na marxe portuguesa do gran río fronteirizo, establece a existencia de tres principais niveis de terrazas cuxos perfís lonxitudinais nesta derradeira rexión fluvial presentan anomalías moi acentuadas que determinan a clasificación do principal río peninsular do NW entre os máis anómalos españois.

As terrazas fluviais que nós temos estudado ata Ourense-Ribadavia con caracteres normais, que indican estabilidade cortical, experimentan, augas abaixo desta última cidade, elevacións anormais por riba do leito fluvial soamente explicables por elevacións do chan moi modernas, próximas á actual liña litoral, incurvacións que acadan valores máximos fronte a Cortegada e San Pedro da Torre, fenómenos de abovedamento posterior ao depósito das terrazas altas, cuxa media, segundo Lautensach, é de idade algo máis antiga que a glaciación wurmiense.

Esta tectónica do país miñoto hispano-portugués reflicte unha exacerbación dos movementos a favor de numerosas liñas de fractura, marcadas polos abondosos mananciais de augas termais existentes na

(7) E. SCHEU, “Die Rias von Galicien”, *Z. Ges. Erdk.*, Berlín, 1913.

rexión. e o seu anormal reflexo nas terrazas mariñas (Lautensach-Machatschek)⁸ e fluviais, todo o cal ten singular importancia para o esclarecemento da historia morfolóxica da costa galega que non sería, pois, de se confirmar estes feitos por novas investigacións, unha sinxela costa de afundimento, senón que algúns episodios de levantamento estarían intercalados nela. Por outra banda, ningún destes fenómenos de tectónica recente do territorio miñoto de preto do Atlántico non pode causar sorpresa xa que era coñecido o moi moderno rexuvenecemento das redes fluviais galegas, cuxa correspondente escavación aínda non ten chegado ao interior do país que conserva a súa fisionomía terciaria”.

LOCALIZACIÓN DOS ACHADOS

Xa levamos Indicado que os lugares onde foron recollidos os útiles paleolíticos obxecto de estudo son os deseñados na carta do Baixo Miño (Fig. 1 e 2) baixo os números 3 a 18, ambos inclusive, designados pola capital da freguesía. Comprenderase, por tanto, que as áreas de expansión, o que poderíamos considerar como verdadeiras estacións, invaden os lindeiros de parroquias diversas (vid. Fig. 1).

Dende Salcidos, na Guarda, localidade inmediata a Camposancos, os novos xacementos descubertos bordean a marxe galega do Miño ata Torrón (Sobrada) e van rematando as abas da montaña, se ben nesta ascensión decrece, como é natural, e limita coa parroquia de Areas, a máis occidental do Concello de Tui, con cuxos xacementos paleolíticos de Antas e O Marquiño enlazan os que agora rexistramos. Numericamente, As Eiras e Goián ostentan as maiores representacións; pero ben se bota de ver que o notorio desnivel obedece principalmente a que foi en ambas localidades onde os nosos colaboradores e nós mesmos temos traballado con máis intensidade. No plano adxunto, que debemos á xentileza do ilustre pintor don Antonio Fernández (Fig. 3), poden apreciarse lugares e volumes relativos aos achados feitos en Goián, con indicación das respectivas altitudes sobre o río. Como notas aclaratorias ao dito plano convén facer constar:

(8) F. MACHATSCHEK, *Des reilef der Erde*, Erster Band, Berlin, 1938.




Fig. 1. Carta Paleolítica de Galicia: 1. A Guarda; 2. Camposancos; 3. Salcidos; 4. O Rosal; 5. S. Miguel de Tabagón; 6. S. Xoán de Tabagón; 7. S. Bartolomé das Eiras; 8. Sta Maria de Oia; 9. Loureza; 10. Goián; 11. Figueiró; 12. Estás; 13. Tomiño; 14. Barrantes; 15. Forcadela; 16. Amorín; 17. Sobrada; 18. S. Salvador de Tebra; 19. Pexegueiro; 20. Areas; 21. Randufe; 22. Tui; 23. Rebordáns; 24. Ribadelouro; 25. Guillarei; 26. Baldráns; 27. S. Miguel de Oia; 28. Coruxo; 29. S. Paio de Navia; 30. Maceira; 31. Carballiño; 32. S. Xoán de Soane; 33. Meseago; 34. Partovia; 35. S. Mamede de Canda; 36. Vilella; 37. Ourense; 38. Os Peares; 39. Loureda; 40. Baiona.




Fig. 2. Distribución das Estacións Paleolíticas do Baixo Miño, marxe dereita (Galicia) e marxe esquerda (Portugal): 1. A Guarda; 2. Camposancos; 3. Salcidos; 4. O Rosal; 5. S. Miguel de Tabagón; 6. S. Xoán de Tabagón; 7. S. Bartolomé das Eiras; 8. Sta Maria de Oia; 9. Loureza; 10. Goián; 11. Figueiró; 12. Estás; 13. Tomiño; 14. Barrantes; 15. Forcadela; 16. Amorín; 17. Sobrada; 18. S. Salvador de Tebra; 19. Pexegueiro; 20. Areas; 21. Randufe; 22. Tui; 23. Rebordáns; 24. Ribadelouro; 25. Guillarei; 26. Baldráns; 27. Peso; 28. Fiais; 29. Monção; 30. Ganfei; 31. Fontoura; 32. Campos; 33. Cerveira; 34. Gondarém; 35. Lanhelas; 36. Vilar de Mouros; 37. Seixas; 38. Argela; 39. Vilarelho; 40. Venade; 41. Moledo.

- 1.º: Os achados abranguen case toda a área da parroquia abrangendo dende o propio nivel do río Miño ata a ermida de San Lourenzo e lugar de Vaqueira, a 64 m. sobre do río;
- 2.º: A maior parte dos achados citados saen entre os 10 e 25 m. de altitude e corresponden ás zonas do dobre e simple riscado, sendo as últimas as máis abundosas;
- 3.º: Con proporción moi aproximada pode calcularse que dous terzos dos instrumentos líticos recollidos corresponden ás zonas riscadas, e o outro terzo atopouse espallado polo resto da freguesía;
- 4.º: As letras do plano (Fig. 3) corresponden aos seguintes lugares:
 - A: Regatiño;
 - B: Barrio da Sentinela e Ameixeiras, e, ao extremo Leste, Baldío da Moura;
 - C: Veiga de Antón (ao lon-




Fig. 3. Plano con indicación dos niveis dos achádegos en relación ao río *Miño*.

go da súa marxe Leste); D: *Igrexa Vella*, *Devesa de Igrexa* (no Oeste) e *Raposeira* e *Devesiña* (ao Leste); E: *Vimieiro* (cara ao Norte, *Fonte do Pazo*), *Barbeitos* (Suroeste) e *Quinta da Torre* e *Barbis* (Sur); F: *Castillo* e *Pinelas* (ao Oeste); G: *Chavolas* e, ao Oeste, *Trincadeiras*; H: *Veiga de Tollo* (parte Norte) e, para o Leste, *Barreiros*.

Se pensásemos en conferir categoría de estación a algún destes lugares teríamos que fixar a nosa atención nos de *Veiga de Tollo* e *Vimieiro*, principalmente, que, como o das *Bouzas*, en *Eiras*, son os lugares de maior densidade dos xacementos, con gran diferenza sobre os outros, sendo de interese acusar que na zona primeiramente citada as industrias representadas limitáanse case exclusivamente ao camposanquiense.

Mais, a verdade, é que imaxinamos ser unha soa e vastísima estación a que abrangue a área explorada; estación única, de culturas reiteradas a unha e outra banda do Miño, con tal similitude tipolóxica que por forza se ten que concluír ser produtos de pobos únicos tamén.

Con respecto á densidade por terrazas, non coidamos necesario establecer un cadro comparativo puntual, pois salta á vista, claramente, que é na segunda onde se teñen recollido a maioría dos útiles. Mais aquí é imprescindible formular as necesarias salvidades que resultan do carácter epixeo dos achados. Os aportes fluviais e mais o humano labor de carrexo non nos permiten tomar como referencias certas de clasificacións as respectivas referencias certas dos útiles en relación coas terrazas existentes. Máis por riba da primeira, isto é moi por cima dos 50 metros, topáronse instrumentos en Loureza, San Salvador de Tebra e Barrantes; e se é lóxico pensar que poderían ser achegados alí polo propio home que os utilizou, a longas distancias do taller, con máis razón o poderían ser, a través dos milenios, por outros homes no continuo trasego de terras. Soamente en Eiras apareceu un instrumento nunha trincheira a 1,40 m. de fondura, e outros máis superficiais, entre a arxila das barreiras da segunda terraza, en Goián. Coidamos que moi ben poden ser considerados estes achados como realizados *in situ* aínda que, polo demais, con ausencia de todo vestixio faunístico ou botánico que puidesen subministrarnos novos datos de clasificación.

Temos que nos ater, pois, nesta parte da nosa tarefa, á suma de datos que xa temos utilizado na clasificación das industrias tudenses, a saber: tipoloxía e técnica da talla, pátina e demais mostras do tempo (desgaste por rodamento, fracturas recentes, descomposición mineral, etc.), características xeolóxicas da comarca e paralelismos cos achados inmediatos xa rexistrados. Nas Figs. 4, 5 e 6, damos a reprodución de fotografías dalgúns conxuntos de útiles colleitos en varias localidades.



Fig. 4. Algúns útiles de Eiras (Col.Á Blázquez).



Fig. 5. Algúns útiles de outras localidades do Baixo Miño (Col. Á. Blázquez).



Fig. 6. Conxunto de pezas paleolíticas de Goián (Col. Á. Fernández).

CLASIFICACIÓN DOS INSTRUMENTOS

Concello de A Guarda

SALCIDOS. Nesta localidade emprazada entre a beira dereita do río *Tamuxe* e as abas da citania de *Santa Trega*, recolleu don Eliseo Alonso seis instrumentos, clasificados así:

1 machado do achelense antigo, 1 machado do achelense medio, 3 útiles camposanquienses e 1 pico asturiense. Deles describimos, como máis interesantes, as dúas pezas que seguen:




Figura 7

N.º 1 (Fig. 7): Machadiña bifacial do *achelense medio* de cuarcita branco-cincenta; pátina pouco acusada, cativa porción de superficie natural e talla directa a grandes lascas. Mide 10 x 7 x 4 cm.




Figura 8

N.º 2 (Fig. 8). "Coup-de-poing" raspador *camposanquiense*; cuarcita cincenta, talla bifacial (o que constitúe nota de excepción), sen pátina; unha das faces tallada por percusión directa e a outra sobre bigornia. Mide 13 x 9 x 5,50 cm. Topada no camiño ao Pasaxe Camposancos; mais en termos de Salcidos.




Figura 9

Concello de O Rosal

O ROSAL.

N.º 3 (Fig. 9). Eliseo Alonso recolleu no lugar de Marzán un "coup-de-poing" *camposanquiense* moi semellante ao N.º 2, cuarcita tamén de talla bifacial por percusión directa, pátina pouco acusada. Mide 1 x 9 x 5 cm.

SAN MIGUEL DE TABAGÓN. Dous instrumentos foron topados nesta localidade: Un machado bifacial de gumes vivos, sen pátina, que probablemente estivo sepultado ata o loess recente a causa da coloración avermellada uniforme

nas superficies tallada e natural. Lembra os cantos truncados, de estilo lusitano e foi topada polo alumno da escola do Sr. Díaz Álvarez, Florindo Rocha, na chamada Costa de Morán. O outro instrumento é o seguinte:

N.º 4 (Fig. 10). Machado bifacial do *ache-lense medio*, cuarcita lixeiramente rolada, tallada simplemente, a grandes lascas, por percusión directa; unha das faces ostenta, prolongándose case ata o pico, unha gran zona de superficie natural, limitada na oposta á zona de aprehensión. Mide 13 x 9 x 6,50 cm. Topada por don Antonio Fernández, en Pías, marxe dereita do río Tamuxe.

SAN XOÁN DE TABAGÓN. Nesta freguesía foron topados seis instrumentos de cuarcita, catro *camposanquienses*, dous recollidos por don A. Fernández, un por Florindo Roche, citado, e outro por don Silvino Díaz Paz. Outro dos útiles é un machado bifacial, cunha das faces amplamente tallada con dúas grandes lascas planas, e a outra face sen máis labra que dúas esmonaduras sobre bigornia na punta. Foi topada polo Sr. Fernández. Tamén foi recollido o seguinte:

N.º 5 (Fig. 11). Pico *proto-asturiense* nun seixo rodado de cuarcita cincenta, con sinais de rodamento. Mide 16 x 9 x 8 cm., sendo a súa sección transversal case circular. Topado por don A. Fernández no lugar de A Portela onde tamén recolleu os tres citados.

SAN BARTOLOMÉ DAS EIRAS. Esta zona é unha das máis pródigas en achados á que soamente avantaxa a fecundísima parroquia veciña de Goián. Na súa maior parte foron recollidos instrumentos por don Pedro Díaz e don Silvino Díaz Paz. Das 166 pezas topadas, limitámonos a describir soamente as máis típicas ou provistas dalgunha particularidade interesante.




Figura 10




Figura 11




Figura 12




Figura 13




Figura 14

N.º 6 (Fig. 12-a). Pico *abbevilliense* dun seixo de cuarcita cor de abelá; labra directa a grandes lascas practicadas nas catro caras do seixo, de sección transversal, sensiblemente cuadrangular; magnífica pátina eólica de aspecto cerúleo, que proporcionou á superficie tallada unha aparencia semellante á da superficie natural. Característica moi curiosa deste pico, repetida en máis exemplares, é a escotadura terminal, logrado por dous intelixentes golpes, que lle dá un acusado aspecto de pouta, como se a finalidade fose, en efecto, a de dar coa arma unha intención desgarrante. Mide 15 x 8 x 7 cm. Foi topada no camiño antigo de Eiras a Goián, preto das Bouzas.

N.º 7 (Fig. 12-b). Pico *abbevilliense*, dun seixo rodado de cuarcita de cor da abelá; talla directa e sobre bigornia, en xeral a grandes lascas, con lixeiros retoques que afecta a case a totalidade do instrumento, conservándose unha pequena zona de superficie natural. Magnífica pátina eólica, de aspecto lustroso, que lle dá á zona labrada aparencia da superficie natural. Sección transversal cuadrangular. Mide 18 x 8 x 7 cm. Topada nas Bouzas.

N.º 8 (Fig. 13). Machado *clactoniense* obtido dunha lasca de cuarcita branco-cincenta; grandes lascas, sen retoques marxinais e acusado bulbo de percusión. Aínda que non propiamente bifacial, presenta na cara plana retoques posteriores que a contornan; pátina eólica ben acusada. Mide 15 x 8 x 5 cm. Topouse no piñeiral da Pallaceira.

N.º 9 (Fig. 14). Machado amigdaloides, do *achelense inferior*, obtido dun seixo plano de cuarcita, tinguido en toda a súa superficie de cor pardo avermellada do loess antigo. Talla directa moi ben lograda polo seu fino lascado e retoques marxinais; bordes sensiblemente rectos; unha das caras toda

tallada, e a outra cunha pequena zona de superficie natural. Pátina eólica moi acusada, unha das máis fermosa pezas de Eiras. Mide 19x 10 x 4 cm. Foi recollida no barrio de Carril.

N.º 10 (Fig. 15). Machado rectangular do *achelense inferior* dun seixo de cuarcita; percusión directa a grandes lascas que abrangue a case a totalidade de ambas as dúas faces deixando apenas unha limitada zona de superficie natural na banda superior do instrumento que encaixa na cunca da man; bordes rectos; pátina eólica moi acusada, unha peza de tipo orixinal, magnificamente lograda. Mide 15 x 10 x 4 cm. Topada no mesmo Eiras.

N.º 11 (Fig. 16-a). Machadiña do *achelense medio*, feita dun seixo de cuarcita avermellada; talla bifacial que comprende case toda a superficie deixando unha pequena porción natural como zona de aprehensión. Pátina eólica ben definida. Mide 8,50 x 5,50 x 4 cm. Topada nas Bouzas.

N.º 12 (Fig. 17-b). Machadiña do *achelense superior* dun seixo de cuarcita cincenta talla bifacial, con abondosos retoques ata obter un gume agudo, lixeiramente sinuoso e cortante que pola dureza excepcional do mineral aquí utilizado consérvase sumamente vivo; escasa pátina e ausencia de desgaste por rodamento, o que demostra que debeu xacer sepultada ata época moderna. Trátase dunha peza excepcional polo ben lograda. Mide 8,50 x 7,50 x 3 cm. Topouse nas Bouzas.

N.º 13 (Fig. 17-c). Lasca perforadora do tipo de Levallois contemporáneo do *achelense medio*, de dorso curvo, obtida sen retoque por un lascado de fortuna, e retocada de intento na parte inferior esquerda do pedúnculo para facilitar a aprehensión. Unha das poucas pezas topadas in situ,



Figura 15




Figura 16 (a e b)




Figura 17 (b e c)




Figura 17 (a)




Figura 18 (a e b)




Figura 19 (a e b)

pois foi extraída por don Pedro Díaz dunha trinchreira acabada de abrir a 1,50 m. de profundidade na estrada de Eiras a Tabagón, lugar de Picóns. Mide 6,50 x 3,50 x 1,50 cm.

N.º 14 (Fig. 16-b). Lasca-raspador do *levallosiense medio*, conservando parte da superficie natural do canto rodado, retocado minuciosamente no bordo inferior con pequenas lascas en zigzag e traballada por ambos lados no superior para a apreensión. Mide 7 x 5 x 2 cm. Topada en Eiras.

N.º 15 (Fig. 17-a). Machado en forma de abano, *camposanquiense*, obtido dun seixo de cuarcita pardo-cincenta; labra monofacial por percusión directa con pequenos retoques no gume; superficie natural na zona de apreensión, escasa pátina e indicios de rodamento. Mide 11,50 de eixo maior x 10 x 6. Topada nas Bouzas.

N.º 16 (Fig. 18-a). Disco raspador *camposanquiense*, dun seixo plano de cuarcita pardo-avermellada; labra monofacial sobre bigornia; típica sección troncocónica. Mide 9,50 cm. de radio no círculo maior (base), por 6,50 cm. no círculo menor e 3 cm. de grosor. Topado polo Sr. Paz no camiño de Valdechores que conduce ao castro da Madanela a 40 m. sobre do nivel do río.

N.º 17 (Fig. 18-b). Machado *camposanquiense*, do tipo chamado pico de pato, dun seixo plano de cuarcita pardenta; talla directa e sobre bigornia con sinais de rodamento. Mide 9,50 x 9,50 x 4 cm. Topada en Valdechores.

N.º 18 (Fig. 19-a). Machado monofacial *proto-asturiense* dun seixo plano de cuarcita pardo-anegrada; talla por percusión directa a grandes lascas, con retoques no gume; ausencia de pátina e roces. Iníciase nela a forma típica do pico. Mide 16 x 14 x 5 cm. Topada por Vicente en Eiras.

N.º 19 (Fig. 19-b). Pico *asturiense* dun seixo de cuarcita pardo-cincenta; lascado por percusión directa, obtida de tres grandes golpes e un leve retoque; na face de superficie natural hai unha lasca lonxitudinal posiblemente anterior á feitura do instrumento. Falta a punta por rotura antiga. Mide 11 x 9 x 4 cm. Topado por A. Blázquez nas Bouzas.

N.º 20 (Fig. 20). Pico *asturiense* dun seixo plano de cuarcita pardenta; labra por percusión directa con leves retoques; sinais de rodamento. Mide 11 x 7 x 3,50 cm. Topado en Eiras.

Concello de Oia

FREGUESÍA DE LOUREZA. Don Antonio Fernández recolleu nesta localidade, situada entre as vertentes de dúas montañas, onde ten o seu nacemento o río Tamuxe, dous instrumentos tallados: un formado por un seixo truncado de estilo lusitano e o outro polo machado *camposanquiense* que despois describimos. As pedras rodadas ou seixos escasean nesta zona, topándose soamente uns poucos nas beiras e no canle do mencionado río, ofrecendo ademais, polo xeral, aspecto poroso da cuarcita en descomposición. A localización de tales achados é a máis setentrional dos rexistrados deica hoxe no Baixo Miño, circunstancia esta que lles confire especial interese.

N.º 21 (Fig. 21). Machado de *camposanquiense*, obtido dun seixo grosso, de cuarcita branco-cincenta; talla sobre bigornia lograda mediante tres únicos golpes e retoques na punta para rebaixar esta e obter o curvamento enxebre do “abano” ou leque. Acusado rodamento. Mide 12 x 5 x 6 cm. Topada en Loureza.




Figura 20




Figura 21



Figura 22



Figura 23



Figura 24




Figura 25



Figura 26

Concello de Tomiño

FREGUESÍA DE GOIÁN. O notable labor de busca levado a cabo nesta freguesía deu por resultado a maior colleita de materiais rexistrada no Baixo Miño cun total de 433 pezas. Describiremos soamente algúns instrumentos das diversas culturas, que consideramos revestidos de maior interese.

N.º 22 (Fig. 22). Machadiña bifacial *clactono-abbevilliense*, obtida dunha lasca de cuarcita sen retoques e con acusada pátina eólica. Mide 11 x 6,50 x 3 cm. Topada no lugar de San Roque por A. Fernández.

N.º 23 (Fig. 23). Machado amigdaloido *abbevilliense* obtido dunha gran lasca de cuarcita; talla bifacial con amplo lascado sen retoques. Pátina eólica acusada. Mide 15,50 x 10 x 5 cm. Achado de E. Alonso no lugar do Castelo.

N.º 24 (Fig. 24). Machado amigdaloido *abbevilliense*, obtido dunha gran lasca de cuarcita retocada marxinalmente na superficie de lascado; bordos rectos que fan lembrar a técnica acheulense. Porte pátina eólica. Mide 17 x 9,50 x 4 cm. Topado por A. Fernández no lugar da Raposeira.

N.º 25 (Fig. 25). Machado oval *clactoniense*, dunha gran lasca de cuarcita da cor da abelá; amplo lascado sen retoques, con labra monofacial sobre bigornia e acusado bulbo de percusión. Pátina eólica, non moi forte, acaso debida á dureza do material ou a ter estado soterrado. Trátase dun dos máis típicos exemplares do *clactoniense* topados nesta comarca. Mide 16 x 11 x 7 cm. Topado por E. Alonso en Soutelo.

N.º 26 (Fig. 26). Machado de lasca, de tradición *clactoniense*, mais con técnica de talla claramente acheulense que podería, pois, clasificarse como *clactono-acheulense*. É intere-

sante polo seu amplo corte lonxitudinal obtido no seixo, o que permitiu obter un gume cortante e vivo practicándose despois o agudo pico, sen apenas retoques marxinais. Mide 18,50 x 11 x 5 cm. Achado de A. Fernández no Vimieiro.

N.º 27 (Fig. 27). Machado de lasca *clactono-abbeyillense*, de técnica primitiva a grandes lascas sen retoque. Forte pátina eólica. Mide 14,05 x 7,50 x 50 cm. Topado por E. Alonso en Barbeitos.

N.º 28 (Fig. 28). Raspador de lasca, *achelense antigo*, en cuarcita pardo avermellada, con xeitosos e miúdos retoques marxinais. Pátina eólica moi acusada. Mide 12,50 x 9,50 x 3 cm. Topado por A. Fernández no Vimieiro.

N.º 29 (Fig. 29). “Coup-de-poing”, *achelense antigo*, obtido dun gran seixo de cuarcita vermella, con amplo lascado por percusión directa, practicado ao longo de ambos lados do eixo maior e deixando unha zona central de superficie natural; bordo recto, con escasos retoques; forte pátina eólica. Mide 18 x 11 x 6,50 cm. Topado por E. Alonso na Fontela.

N.º 30 (Fig. 30). Machado amigdalóide do *achelense antigo*, obtido dun seixo plano de cuarcita; amplo lascado nunha das faces, deixando pequena superficie natural e máis limitado na oposta, parecendo que este foi practicado por percusión directa; bordo sinuoso; moi boa pátina. Mide 17 x 10,60 x 5 cm. Topado por E. Alonso no Vimieiro.

N.º 31 (Fig. 31). Machado amigdalóide, *achelense antigo*, dun canto rodado plano de cuarcita; amplo lascado bifacial por talla directa; bordo sinuoso; pátina ben visible e sinais de rodamento. Mide 17 x 11,50 x 4 cm. Topado por A. Fernández en Regueiro de Tollo.




Figura 27




Figura 28



Figura 29



Figura 30




Figura 31



Figura 32




Figura 33 (a e b)



Figura 34



Figura 35

N.º 32 (Fig. 32). “Coup-de-poing” cordiforme do *achelense antigo*, tallado previamente sobre bigornia en torno ao seu perímetro e lascado despois lateralmente na punta, todo o que constitúe un tipo orixinal do que este instrumento é exemplar único. Mide 14 x 10 x 6 cm. Foi topado por A. Fernández na corrente do *Regueiro das Zarradas*, porto do muíño chamado de O chourizo.

N.º 33 (Fig. 33-a). Machadiña amigdalóide. *Achelense antigo*; talla directa retocada; escasa superficie natural; bordos sinuosos; forte pátina. Mide 12 x 7 x 4,50 cm. Topada por A. Fernández na Fontela.

N.º 34 (Fig. 33-b). Machadiña bifacial do *achelense medio* obtida dun seixo rodado de cuarcita de cor da palla; talla directa; unha das faces presenta gran lasca central, paralela á superficie natural da cara oposta; pátina eólica regularmente acusada. Mide 9 x 7 x 4 cm. Topada por E. Alonso no Cruceiro do Pazo.

N.º 35 (Fig. 34). Machado cordiforme *achelense medio*, dun seixo plano de cuarcita; talla practicada a pequenas lascas que bordean todo o perímetro do instrumento agás na parte superior onde se respecta a superficie natural para facilitar a aprehensión; bordos rectos. Este tipo de machado, de formas regulares e certamente harmónicas, témolo visto repetidamente no *achelense* do Baixo Miño. Mide 16 x 9,50 x 3,50 cm. Topado por A. Fernández na Veiga de Tollo.

N.º 36 (Fig. 35). Machadiño amigdalóide, do *achelense medio*, dun seixo de cuarcita; unha das faces foi obtida con só dous golpes de percusión retocados no gume; a outra presenta así mesmo tres grandes lascas con outras menores de retoque; bordos rectos; pátina ben acusada e rozamentos. Mide 17 x 13 x 6 cm. Topado por A. Fernández no lugar daVaqueira (Barrio do Espírito Santo).

N.º 37 (Fig. 36). Raspador de lasca, *achelense superior*, en cuarcita pardo-avermellada: dúas grandes lascas da face oposta e superficie de fractura e dez ou doce pequenos retoques no gume, practicados por talla apoiada para dotalo da necesaria sinuosidade. É unha curiosa peza de pouco corrente tipoloxía. Boa pátina eólica. Mide 16 x 10,50 x 4,50 cm. Topado por A. Fernández no Castelo.

N.º 38 (Fig. 37). Machado amigdalóide, *achelense superior*, nun seixo de cuarcita cincenta; a face posterior ostenta unha grande parte da superficie natural, con lascado imperfecto, sen retoques; bordos sinuosos; pátinas e sinais de rodamiento. Mide 13 x 8 x 3,50 cm. Topado por E. Alonso no Vimieiro.

N.º 39 (Fig. 38). Machado cordiforme, do *achelense superior*, obtido dun seixo de cuarcita avermellada; percusión directa a grandes lascas, sen retoques, bordos lixeiramente sinuosos. Sobresae nesta peza o oco practicado na banda postero-superior do instrumento co indubidable fin intencional de facer doada a aprehensión, pois nel encaixa perfectamente a xema do dedo polgar. Este oco parece ter sido obtido mediante pequenos golpes de percusión e perfeccionado despois por rozamento. Mide 12,50 x 10 x 5,50 cm. Achado de A. Fernández entre os barrios de San Lourenzo e A Gándara.

N.º 40 (Fig. 39). “Coup-de-poing”, *achelense superior*, dun seixo de cuarcita pardo-avermellada; lembra certas formas do *camposanquiense inicial*, e ofrece a particularidade de ostentar, ao igual que a peza precedente, ocos para facilitar o manexo, mais aquí en duplo número, un por cada banda. A pátina que se observa nestes rebaixamentos é, indubidablemente da mesma época da talla, sendo tamén evidente o seu orixe intencional xustificando polo fin práctico loxicamente atribuible. Mide 10 x 8,50 x 6 cm. Achado en Goián por E. Alonso.




Figura 36



Figura 37



Figura 38



Figura 39



Figura 40



Figura 41




Figura 42



Figura 43



Figura 44

N.º 41 (Fig. 40). Machado lanceolado, *Achelense superior*, dun seixo de cuarcita avermellada; amplo lascado por percusión directa, máis miúdo en canto se achega ao bico; bordos rectos e acusada curvatura do instrumento de cara a parte interna. Fáltalle a punta por rotura antiga. Trátase dunhas fermosa peza moi semellante a outra rexistrada por nós en Tui. Mide 17 x 12 x 6 cm. Achado de A. Fernández no lugar O Poste.

N.º 42 (Fig. 41). Punta de lasca do *levalloisienne medio*, de tradición *achelense*, en cuarcita avermellada. A superficie de fractura retocouse cunha lasca lateral para determinar a punta; a superficie natural foi contornada con abondosos golpes por percusión directa. Falta a punta por rotura antiga. Mide 12,50 x 8 x 3,50 cm. Topada por A. Fernández no barrio de San Lourenzo.

N.º 43 (Fig. 42). Punta de lasca do *levalloisienne medio*; talla monofacial sobre bigornia na banda que determina a punta, e directa nos bordos superiores; boa pátina. Mide 10 x 5,50 x 3 cm. Topada por E. Alonso no Vimieiro.

N.º 44 (Fig. 43). Machado-raspador *acheulo-camposanquiense*, obtido dun groso seixo de cuarcita pardo-avermellada; labra bifacial en tres cuartas partes do perímetro, ficando unha parte da superficie natural para a aprehensión; boa pátina eólica. A forma anuncia os discos camposanquienses. Mide 14x 11 x 6,50 cm. Topado por A. Fernández no Vimieiro.

N.º 45 (Fig. 44). Machado de abano *camposanquiense*; labra indirecta, de amplo lascado con leves retoques no gume; sinais de rodamento. Mide 14 x 11 x 6 cm. Topado por A. Fernández nas Trincadeiras.

N.º 46 (Fig. 45). Machado de abano *camposanquiense moderno*; labra sobre bigornia, con vivo lascado sen patinar nin sinais de

rodamento; ausencia de retoques. Mide 13 x 13 x 5,50 cm. Topado por E. Alonso no barrio de San Lourenzo, Cruceiro de Modesto.

N.º 47 (Fig. 46). Machado en pico de pato *camposanquiense inferior* dun seixo de cuarcita agrisada; labra sobre de bigornia, sen retoques, forte rodamento. Mide 10 x 8 x 6 cm. Topado por E. Alonso no lugar de Pozo de Prudencio ao norte da Veiga de Tollo.

N.º 48 (Fig. 47-a). Disco *camposanquiense* en cuarcita cincenta; catro lascas simetricamente ordenadas no reverso, determinando unha especie de cruz diédrica na conxunción das súas arestas de fractura, cun oco central quizais acentuado por rozamento no que encaixa a primeira falanxe do dedo polgar; bordo en zigzag. Mide 8 x 8 x 4,50 cm. Topado por E. Alonso na Veiga de Tollo.

N.º 49 (Fig. 47-b). Pequeno raspador, discoidal, *camposanquiense medio* sección cónica e miúdo lascado natural de técnica apoiada; vértice rebaixado para a apreensión. Mide 5,3 x 4,50 x 3 cm. Topado por A. Fernández no Vimieiro.

N.º 50 (Fig. 47-c). Raspador discoidal, *camposanquiense*, dun pequeno seixo plano; labra monofacial que abrangue tres cuartas partes do perímetro deixando libre unha parte de superficie natural; intenso rodamento que fixo desaparecer as arestas de lascado. Mide 6,50 x 5,50 x 2 cm. Topado por A. Fernández no Vimieiro.

N.º 51 (Fig. 48). Machado-raspador *camposanquiense* dun seixo plano de cuarcita; labra directa sen retoques; presenta na superficie natural un oco artificial rexistrado xa con anterioridade (Ver os nº 39 e 40). Mide 14 x 10 x 4,50 cm. Topado por E. Alonso na Veiga de Tollo.

N.º 52 (Fig. 49). Machado-raspador *camposanquiense* dun seixo de cuarcita obtido mediante a fractura lonxitudinal da masa




Figura 45



Figura 46



Figura 47 (a, b y c)




Figura 48




Figura 49




Figura 50




Figura 51




Figura 52




Figura 53

pétreo con posterior lascado marxinal; arestas vivas, sen desgastes. Mide 17 x 10,50 x 5 cm. Topado por E. Alonso na Veiga de Tollo.

N.º 53 (Fig. 50). Machado-raspador *camposanquiense*, dun seixo de cuarcita cincenta; ofrece a particularidade de ostar no pico propio do machado labra polas dúas bandas e unha destas disposta como raspador. Mide 16 x 12 x 6 cm. Topado por E. Alonso en Barbeitos.

N.º 54 (Fig. 51). Machadiño de lasca *camposanquiense antigo*, do tipo chamado en Portugal “miriense” por toparse de abondo na estación do río Mira. Ternos visto moitos exemplares en A Guarda e Camposancos; da primeira localidade posúe un de nós (A. Blázquez) un magnífico, pola perfección e simetría da labra. Topado por E. Alonso na Veiga de Tollo. Mide 7,20 x 5,50 x 2,20 cm.

N.º 55 (Fig. 52). Machado do *camposanquiense antigo*, de tipo “miriense” como o devandito, obtido dunha lasca plana de cuarcita cincenta; a talla dos laterais A e B sobre bigornia; o resto por percusión directa, sen retoques. Mide 9 x 9 x 3 cm. Topado por A. Fernández na Veiga de Tollo.

N.º 56. Pico *proto-asturiense*, dun seixo de cuarcita cincenta; abundosa superficie natural na zona de aprehensión. Mide 21 x 11 x 5,50 cm. Topado por A. Fernández na Vaqueira.

N.º 57 (Fig. 53). Pico *proto-asturiense*, dun seixo de cuarcita avermellada; amplo lascado por percusión directa; a zona central plana anuncia o pico asturiense de tipo espalmado. Lixeiramente rodado. Mide 20 x 12 x 8 cm. Topado por Xoaquín Alonso no barrio de San Lourenzo.

N.º 58 (Fig. 54-a). Pico *asturiense* dun seixo de cuarcita, obtido mediante un número moi pequeno de golpes e leves retoques marxi-

nais. Mide 10x 10 x 4,50 cm. Achado de A. Fernández no Regatiño.

N.º 59 (Fig. 54-b). Pico *asturiense* con tendencia ao tipo espalmado; arestas vivas, sen rodamentos. Mide 7 x 11,50 x 4 cm. Topado por E. Alonso na Fontela.

N.º 60 (Fig. 55). Machado amigdaloides *achelense antigo* dun seixo de cuarcita avermellada; talla por percusión directa, sen retoques, deixando ampla superficie natural; pátina eólica e sinais de intenso rodamento. Mide 14 x 10 x 5 cm. Topado por A. Fernández en Figueiró.

N.º 61 (Fig. 56). Machado de lasca, de corte transversal, do *achelense medio*; bordos moi rectos, con leves retoques; ofrece a curiosa particularidade de ter sido aproveitado para a apreensión da peza unha fonda entalladura curva que presentaba a superficie natural, de xeito que resultou un voluminoso bulbo, que encaixa perfectamente na palma ou cunca da man. Boa pátina eólica. Mide 13 x 7 x 4 cm. Topado por E. Alonso en Figueiró.

FREGUESÍA DE ESTÁS. O artista Sr. Fernández recadou 8 instrumentos nesta localidade e, don Eliseo Alonso 2 máis, os que clasificamos unha parte como pertencentes ao *achelense medio*, 8, e outra parte como do *camposanquiense* 2.

N.º 62 (Fig. 57). Machado-pico do *achelense superior*, dun seixo de cuarcita pardo-avermellada; labra sobre bigomia, de técnica primitiva, sen retoques; acusado pico “de pouta”; carencia absoluta de pátina eólica e de desgastes o que fai supor estivese soterrada ata época recente. Mide 14 x 10 x 5 cm. Topado por Silvino Díaz no lugar da Fonte dos Carreiros.

N.º 63 (Fig. 58). Machado amigdaloides do *achelense medio* dun seixo de cuarcita avermellada; labra mixta (apoiada e directa) con




Figura 54




Figura 55



Figura 56




Figura 57



Figura 58



Figura 59



Figura 60



Figura 61

pequenos retoques; conserva gran porción da superficie natural que abrangue incluso a unha das faces laterais; boa pátina; falta a punta por rotura antiga. Mide 14 x 9,50 x 6 cm. Topado por A. Fernández no barrio dos Medos.

FREGUESÍA DE TOMIÑO. Recolléronse 8 pezas por E. Alonso que temos clasificadas como *clactono-abbevillenses*, 2; *achelense antigo*, 1; *achelense medio*, 3 e *achelense superior*, 2.

N.º 64 (Fig. 59). Machado *achelense medio*, obtido dun seixo de cuarcita pardo-avermellada; talla directa moi estendida na face posterior e reducida a un anel marxinal na anterior; pátina eólica acusada; falta a punta por rotura antiga. Mide 12 x 8,50 x 4,50 cm.

FREGUESÍA DE BARRANTES. Topáronse por E. Alonso dúas pezas do *camposanquiense*. Compre sinalar que esta parroquia é a máis setentrional e afastada do río Miño.

N.º 65 (Fig. 60). Machado-raspador *camposanquiense antigo*, de tipoloxía musteroide, se ben non ofrece unha definida talla bifacial; percusión sobre bigornia e ausencia da pátina e rodamento. Mide 9 x 8 x 6 cm. Topado en Cristelo.

FREGUESÍA DE FORCADELA. Eliseo Alonso recolleu nesta localidade ribeirá 33 pezas que decorren dende o *clactono-abbevillense* ata o *asturiense*.

N.º 66 (Fig. 61). Machado *clactono-abbevillense* dunha gran lasca de cuarcita; ten de común cos tipos da industria clactoniense a súa natureza de lasca, mais a superficie de fractura foi tamén amplamente tallada, resul-

tando, en realidade, un instrumento bifacial; predomina así mesmo a talla directa; pero tamén se ollan golpes sobre bigornia con acusado bulbo de percusión; moi boa pátina eólica. Mide 21 x 14 x 7 cm. Topado en Forcadela.

N.º 67 (Fig. 62). Punta triangular de lasca: acaso dun *levallosiense primitivo*, semellante ao contemporáneo do achelense *medio* do Soma; non aparece evidente a labra bifacial; pátina eólica e forte rodamento. Mide 85 x 6 x 3,50 cm. Topada en Forcadela.

N.º 68 (Fig. 63). Machado subtriangular, *achelense superior*; labra directa e apoiada, reducida na face posterior a catro lascas marxinais, que deixan intacta case toda a superficie natural; esta circunstancia que a aproxima á talla monofacial, e sen aspecto de pico, parecen anunciar certas formas típicas do *asturiense*. Mide 10 x 8,50 x 4 cm. Topado en Forcadela.

N.º 69 (Fig. 64). Pico asturiense dun seixo de cuarcita de grandes medidas ao igual que os útiles semellantes topados lonxe da beiramar atlántica. Talla sobre bigornia sen retoques; lixeiro rodamento. Mide 17 x 11 x 6 cm. Topado en Vilar de Matos.

FREGUESÍA DE AMORÍM. Tan só tivo lugar o achado dun instrumento por E. Alonso. Trátase dun machado amigdalóide, do *achelense medio* que repite o tipo máis común na comarca sen ofrecer particularidades especiais; pero cuxa localización resulta interesante por significar o enlace inmediato entre as industrias desta zona agora explorada e as da tudense.

FREGUESÍA DE SOBRADA. Foron recollidos nesta parroquia 9 instrumentos por Eliseo Alonso. Sobrada entesta con Areas, a parroquia máis occidental, e Tui. Temos clasificado estes útiles: *Ach.*




Figura 62



Figura 63




Figura 64

medio, 3; *ach. superior*, 4; *camposanquiense*, 2.

N.º 70. Machado lanceolado, *achelense medio*, dun seixo de cuarcita pardo-avermellada; a face posterior amplamente tallada mediante un primeiro lascado lonxitudinal e retoques marxinais posteriores; a outra face con só lascado marxinal; levemente rolada. Mide 16 x 8 x 5 cm. Topado en Torrón.

N.º 71 (Fig. 65). Machado cordiforme, *achelense superior*, con amplo lascado sobre bigornia, sen retoques; técnica primitiva deixando pouca superficie natural. Ausencia de pátina. Mide 13 x 10,50 x 7 cm. Topado en Torrón.

FREGUESÍA DE SAN SALVADOR DE TEBRA. don Antonio Fernández recolleu nesta parroquia, emprazada en zona montañosa e a notable altitude sobre o río, dúas interesantes pezas, que describimos:



Figura 65




Figura 66



Figura 67

N.º 72 (Fig. 66). Machado *clactono-abbeylliense* dunha lasca de cuarcita; talla sobre bigornia, de factura mol primitiva, sen retoques, abranguendo a superficie total do instrumento, agás unha pequena zona do lateral superior dereito, destinado a aprehensión, onde conserva a superficie natural; pátina eólica moi acentuada; falta a punta por rotura antiga. Mide 13 x 8,50 x 5 cm. Topado en Samadelo.

N.º 73 (Fig. 67). Pico *proto-asturiense*, macrolítico, dunha cuarcita cincenta-pardenta. A talla, aproveitando a forma natural do seixo, afecta soamente a un dos laterais; unha escotadura na banda superior, por fractura natural rolada, facilita a aprehensión que ten que se efectuar coas dúas mans; non semella que a labra bifacial sexa intencionada, pois redúcese a dúas lascas nunha das faces que puideron ser secuencia dun primeiro intento falido de producilas por contragolpe. Pesa 3,500 quilogramos. Topado en Samadelo. Mide 21,50 x 16,20 x 8,50 cm.

OBSERVACIÓNS

É indubidable que a clasificación de tan vasto arrecadamento de materiais ten que ofrecer, por forza, algúns puntos erróneos (confiamos que non fundamentais) derivados, principalmente de non mostraren os achados carácter estratigráfico. Isto obríganos a manter en transo de revisión a xenérica clasificación establecida nas páxinas precedentes das industrias paleolíticas do Baixo Miño.

Mais é tamén certo que, por ser os nosos os primeiros estudos sistemáticos que de tales industrias se levan a cabo en Galicia, a falta de precedentes e de termos de comparanza de ámbito local, dificultando a nosa tarefa, desculparán mellor as posibles equivocacións. A mellor guía que puidemos utilizar foi a subministrada pola abondosa bibliografía referente a estes estudos prehistóricos en Portugal, e, certamente, en especial, polo que respecta á provincia do Miño, ternos visto que os contactos galaico-lusitanos revisten excepcionais similitudes. Isto, e o estado actual dos coñecementos prehistóricos no occidente europeo, permítenos asegurar que o Paleolítico galego tópase en conexión directa estreitísima cos movementos culturais do home cuaternario en Europa.

Sen tratar agora de establecer tipoloxías autóctonas nas industrias por nós estudadas, senón como simples notas informativas de carácter aclaratorio sobre algunhas variedades curiosas que ternos observado, queremos remarcar os seguintes extremos:

A presenza no Baixo Miño dun orixinal tipo de machado achelense de indubidable facies primitiva, representado por unha ducia de exemplares, con intencionado pico curvo, que coidamos oportuno designar graficamente como “pico de pouta”⁹.

A presenza, nalgúns útiles, de certas concavidades na zona de apreensión practicadas mediante miúdos golpes de percusión e acaso perfeccionadas por unha subseguinte acción rotativa de fricción, destinadas, indubidablemente, a albergar as xemas dos dedos para facer máis firme a suxeición do instrumento. Estes ocós miden de dous

(9) J. MARTÍNEZ SANTA-OLALLA, Publica un machado con aspecto de pico que resultou así dunha rotura non intencional (vid: “Sobre el neolítico antiguo en España”, en *Atlantis*, vol. XVI, pp. 90-105, Fig. 20, Madrid, 1941).

a tres centímetros de diámetro e nalgúns exemplares aparecen en número dobre, ou sexa un en cada face do útil.

A abundancia de xigantescos picos proto-asturienses e asturienses (catorce ou dezaseis exemplares) verdadeiros macrolitos, soamente utilizables coas dúas mans, dos que os maiores son un topado por don Antonio Fernández no Vimieiro (Goián) de 3,400 kg. e outro de 3,500 kg. topado en Sarnadelo que reproducimos na fig. 67. Tales exemplares en tamaño tan esaxerado non foron observados con tanta frecuencia no asturiense costeiro da Guarda e Camposancos, o que parece indicar que no interior do territorio tiveron os picos aplicacións de traballo distinto que na costa. Convén insistir en que os macrolitos do Baixo Miño non son anteriores xamais ao protoasturiense.

Por vez primeira rexístramos a existencia de útiles do clactonien- se e abbevilliense, se ben cómpre facer unha observación importante: a de que a súa tipoloxía non é sempre ben definida; consistindo, na maior parte dos casos, en grandes machados de lasca con talla monofacial sobre bigornia, boa pátina eólica e acusado bulbo de percusión; mais nisto último, como noutros detalles secundarios, é conveniente non esquecer xamais que o material empregado aquí é sempre de cuarcita, cuxas especiais características poden moi ben determinar variantes locais respecto dos prototipos europeos. Dentro deste grupo incluímos todos os instrumentos que temos clasificado de clactono-abbevilliense e cuxa definitiva separación será conveniente intentar á vista de novas achegas, especialmente as que puidesen ter lugar "*in situ*".

Así ben puidemos identificar algúns exemplares de lasca de levallois e aínda sospeitamos que algunhas pezas de carácter musteriode que temos apartado para un novo estudo da cuestión, poidan corresponder plenamente (raspadores de lasca e discos, en especial) ao musteriense cuxa existencia parece demostrada en Portugal. A respecto do levalloisiense; confiamos en que a existencia de útiles desta industria ten que ser moi superior á que se revela no achego de pezas realizado, xa que, pola súa fragilidade e pequeno tamaño, ou ben creban as lascas con facilidade, ou ben foxen as nosas pescudas máis facilmente cós instrumentos de certo volume.

Por fin, consignaremos que entre os obxectos recollidos e non incluídos nas cifras precedentes nin na clasificación que ternos dado, figuran preto de dous centos de núcleos de cuarcita, perfectamente patinados na súa maior parte, que (aínda que moitos poidan considerarse como instrumentos malogrados) falan tamén da existencia dunhas abondosa industria de lascas.

CONSIDERACIÓNS

Ao tempo da publicación do noso estudo sobre as industrias paleolíticas de Tui, o distinguido investigador lusitano J. Camarate França tivo a xentileza de dedicarlle unha recensión seguida de nutrido comentario¹⁰. Desexamos agora aclarar certos extremos aos que, quizais por non termos expresado coa debida claridade, lle pon algún reparo o citado comentarista. E desta sorte mostramos nós conformidade con Camarate no senso de que convén ir desbotando o termo *técnico* que habitualmente se dá ao paleolítico superior, segundo di, substituíndoo, antes ben, por un senso de localización no tempo. Se algunha vez puidese creerse que teríamos incorrido no que se presta a confusión, como ao longo do noso traballo falamos dun camposanquiense substitutivo no tempo das técnicas clásicas europeas Auriñaciense, Solutrense e Magdaleniense, o bo senso dos lectores ter suplido o defecto que pola nosa banda puido haber, levando aos iniciados comprensión de que a tales industrias ían as nosas preferencias.

Polo que respecta ao termo Camposanquiense para designar esa industria que en tan amplo circo cultural substitúe no Noroeste peninsular ás europeas do Paleolítico superior, é o certo que o importante papel que desempeña representando por si só aquí, en extensa faixa xeográfica, un estadio cultural que en Francia, por exemplo onde se lle deu o nome de Languedociense, abrangue contemporaneamente diversas e depuradas técnicas, ben o fai merecente da súa perpetua-

(10) J. CAMARATE FRANÇA, Na Revista bibliográfica dos *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*, vol. XII, fasc. 3-4, p. 308.70, Porto, 1950.

ción, sendo interesante lembrar que non foi o dito termo empregado por nós por vez primeira senón que gustosamente o tomamos do ilustre arqueólogo portugués Prof. J. Fontes que foi quen fixo a súa introdución, e polos non menos ilustres H. Breuil e G. Zbyszewski que perseveraron no seu uso.

Revisando no posible anteriores conclusións, diremos que nos topamos, como se advirte, diante da repetición dun curioso fenómeno, rexistrado insistentemente na ribeira portuguesa do Miño e que antes de agora tiñamos observado xa na comarca de Tui, a saber: a existencia de industrias ben definidas e en abundantísimas achegas do Paleolítico inferior, a absoluta ausencia de vestixios das industrias clásicas do Paleolítico superior e, tras esta a primeira vista solución de continuidade, a aparición do protoasturiense e asturiense que ata o de agora en Galicia soamente eran coñecidos polos xacementos da costa. Resulta, pois, que ata o momento presente os nosos coñecementos do paleolítico nesta rexión rematan no camposanquiense ou sexa no languedociense como rematan tamén no Baixo Miño portugués.

Para as explicación que se lle puidesen dar a este fenómeno remittimos o lector ao noso estudo tantas veces citado das estacións tudentes, e, tendo presente os novos estados do Prof. Carlos Teixeira¹¹ que vén completar os supostos alí sustentados e cuxo pensamento xa tiña esbozado noutro anterior traballo¹² atribuíndo á gran regresión mariña do Würmiense o afundimento da precedente terraza interglaciar que explicaría o rebaixamento observado no bloque galego; e presentes tamén as obxeccións e comentarios que á hipótese de Teixeira presenta Mariano Feio¹³, cos achados botánicos antigos levados a cabo por M. Montenegro de Andrade¹⁴, ratificamos o noso pensamento sobre os

(11) CARLOS TEIXEIRA, "Plages anciennes et terrases fluviales da littoral da Nord-Ouest de la Peninsule Ibérique", en *Bol. do Museu e Laboratório Mineralógico e Geológico da Universidade de Lisboa*, n.º 17, 1949.

(12) CARLOS TEIXEIRA, "Tectónica plio-pleistocénica do noroeste peninsular", En *Boletín da Sociedade Geológica. de Portugal*, vol. IV, 1-2, Porto, 1944.

(13) MARIANO FEIO, "Notas geomorfológicas: I: Reflexões sobre o relevo do Minho; II: Em torno da interpretação dos terraços do río Minho", en *Boletín da Sociedade Geológica. de Portugal*, vol. VII, Porto, 1948.

(14) M. MONTENEGRO DE ANDRADE, "Alguns elementos para o estado do terraço superior do río Minho", in *Boletín da Sociedade Geológica. Portugal*, vol. 3-4, Porto.

feitos que consideramos como máis verosímiles nas formacións aluviais do Miño, afirmando tamén neste intre que as industrias clásicas do paleolítico superior europeo non teñen deica agora representación en Galicia, isto é, na zona ata o de agora explorada, que se limita en esencia ao curso do Miño, dende Ourense; e estimamos que elas teñen sido substituídas aquí pola cultura camposanquiense ou sexa o languedociense francés.

CONCLUSIÓNS

Como coroamento do devandito a respecto dos achados de instrumentos paleolíticos rexistrados nos Concellos da Guarda, O Rosal, Tomiño e Oia, que foron obxecto de estudo no presente traballo, réstanos presentar como conclusións:

1. Encadeándose cos xacementos paleolíticos da comarca de Tui e estacións de antigo coñecidas de A Guarda e Camposancos, rexístrase agora na zona intermedia da ribeira dereita do río Miño, correspondente aos referidos Concellos, a existencia, en abondosa representación das diversas industrias, de núcleos do paleolítico inferior (abbeyllense, ache-lense, camposanquiense), así como as de lascas (clactoniense e levalloisiense); e así mesmo do Asturiense mesolítico, xun-guido a formas de tradición paleolítica (proto-asturiense) e outras de tipo macrolítico que o distinguen do costeiro.
2. As industrias europeas do paleolítico superior tópanse substituídas polo camposanquiense medio e superior.
3. As estacións galegas ofrecen notables semellanzas coas do norte de Portugal como respondendo a idénticos estadios das diversas culturas descubertas.
4. Esta liña de continuidade dos achados no derradeiro tramo do río Miño debe de ter a súa prolongación de cara ao curso alto do río e vales adxacentes, existindo disto algunhas probas interesantes nos achados illados rexistrados deica hoxe.
5. O material exclusivamente empregado nas industrias líticas do Baixo Miño, por carencia de sílex ou outro máis

apropiado no país, é o de “cantos rodados” de cuarcita de orixe aluvial coñecidos co nome de “seixos”, “coios” e outros semellantes.

6. Cabe supor que a inmersión Flandriense tivese provocado a inmersión nas augas tanto mariñas como fluviais de todo vestixio do Paleolítico superior, representado aquí por un camposanquiense medio.

7. Desta sorte, o asturiense aparece nalgúns puntos asentado estratigraficamente, sen aparente solución de continuidade, sobre o camposanquiense (languedociense francés).

*Debuxos de Antonio Fernández
e X. M^a Álvarez Blázquez*